

# Pensamentos arredor do novo decreto de normalización lingüística

**Celestino Pérez Recarey**

Director do Centro de Formación e Recursos da Coruña

O novo decreto, froito do acordo dos tres grupos parlamentarios da Cámara autonómica, crea expectativas moi favorables relacionadas coa modificación dos hábitos lingüísticos dos docentes e dos alumnos. Atribúelle unha especial importancia á formación do profesorado que imparte a súa materia en lingua galega, incrementa o número de horas de docencia empregando o galego como lingua vehicular, e establece como norma a obriga dos centros educativos de elaborar un proxecto lingüístico adaptado ao seu contorno.

Non obstante, non deberíamos esquecer que a normalización lingüística deste noso país non é só competencia do sistema educativo; non podemos responsabilizar a escola de que o proceso de normalización non avance todo o que sería desexable. En todo caso, esta é responsable de que os individuos que pasen por ela sexan competentes en lingua galega e, se acaso, de favorecer actitudes positivas para o seu uso. Polo tanto, a escola debe ser un axente normalizador, pero non o único. Hai outros sectores que tamén deberían

responsabilizarse desta tarefa, como as distintas administracións, os medios de comunicación, a economía (industria, comercio, banca, traballo), a sanidade, as sociedades (culturais, relixiosas, deportivas), etc.


O texto lexislativo dá, iso si hai que recoñecelo, un paso cualitativo e cuantitativo grande na normalización lingüística no sector do ensino. Botando a vista atrás e mirando o camiño percorrido ata agora, podemos distinguir con evidente claridade tres momentos decisivos no que atinxe á normalización da lingua na escola: un primeiro momento foi cando se incorporou a Lingua Galega como materia do currículo nos plans de estudos de todos os niveis non universitarios do sistema educativo galego. Un segundo aconteceu cando entrou o galego como lingua vehicular nas aulas dalgunhas áreas, mesmo coa posibilidade de acadar un uso, metade por metade, das dúas linguas oficiais da nosa comunidade. O terceiro, moito máis recente, é a aprobación por unanimidade na Cámara do Parlamento de Galicia do Plan xeral de normalización da lingua

galega, que se materializa no decreto, obxecto de análise, e que vén darlles resposta a algúns dos obxectivos sinalados no devandito Plan.

Ora ben, a Administración educativa e os seus centros de ensino deberán tomar decisións concretas e pensar nas medidas que deben adoptar para o seu desenvolvemento, se o que se persegue é que o texto se concrete en accións precisas, operativas e eficaces. Do contrario, a normativa, como tantas outras, quedará transformada en literatura lexislativa sen transcendencia no día a día das nosas aulas. Sabemos que as leis están para se cumprir, pero tamén que hai moitas maneiras de levalas a termo, e que non todas responden ás intencións coas que foron redactadas.

Penso que os catro piares que se revelan fundamentais á hora de aplicar de xeito idóneo este decreto son: a Administración educativa, os centros de ensino, o profesorado e a Inspección.

A Administración educativa debería tomar medidas precisas para garantir unha boa formación do profesorado,



pensando nas datas de realización máis favorables e planificándoa de acordo coas necesidades reais e sentidas polos docentes, de tal maneira que se garanta, polo menos, a asistencia a todo o profesorado que a demande. Nos contidos desta formación debería haber, como mínimo, tres bloques: un de competencia en lingua oral, outro de formación específica da terminoloxía propia da área ou materia, incluíndo o coñecemento do vocabulario básico, e un terceiro que contemple aspectos sociolingüísticos que contribúan á eliminación de prexuízos e á adquisición de actitudes positivas cara á lingua. Así mesmo, habería que dotar os centros de materiais de aula –tanto libros de texto como materiais de apoio– que se axusten á nosa realidade, posúan suficiente calidade e variedade, e permitan realizar unha escolla adecuada á metodoloxía do docente e ás características do alumnado.

No que toca aos centros educativos, haberá que orientar o profesorado para a realización dun plan lingüístico que se adapte ás características do alumnado, do profesorado e do contorno social. Este

plan que agora se demanda, vén cumprir unha vella reivindicación de moitos colegas que tantas veces tentaron buscar a maneira de xuntar esforzos para conseguir unha coordinación lingüística dentro do centro. Na súa elaboración –segundo as pautas establecidas no articulado do decreto– debería ter presente un principio fundamental: garantir a competencia do alumnado para empregar o galego, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

No referente ao profesorado é fundamental que haxa unha actitude favorable para a aplicación da norma no seu labor diario. Sabemos as limitacións lingüísticas de moitos colegas nosos, especialmente cando se poñen diante dun grupo de alumnos e alumnas que están pendentes do que se di e do que se fai, pero non é menos certo que, se o alumnado ve unha boa disposición a un cambio da lingua vehicular –aínda que esta non sexa correcta de todo– estamos a transmitirle unha actitude positiva, que favorecerá o seu emprego. Pero, se esa mudanza de rexistro se fai unicamente dentro da aula, e no resto das relacións non

se usa como lingua de comunicación, estamos a convertela en algo “ritual” e o alumnado percibe que o galego é só para “ese momento” e para todo o demais a lingua de comunicación segue sendo o castelán.

Finalmente, ten que haber por parte da Inspección Educativa un seguimento e unha avaliación do plan lingüístico, pero, sobre todo, debe prestarlle toda a axuda e o asesoramento que precise para levalo adiante con garantías de éxito.

Coñecemos a realidade dos centros, especialmente dalgúns de zonas urbanas e do sector privado, nos que o galego está por debaixo dos mínimos que marca a lexislación actual. En todos eles, pero especialmente nestes últimos, temos que partir da realidade presente e dar pasos axigantados, seguros e firmes para que se dea un avance real, pois non podemos deixar de cumprir os obxectivos prescritivos de igualdade de coñecemento e uso nas dúas linguas oficiais da nosa Comunidade ao final da educación secundaria obrigatoria. Aquí estaría a virtualidade do novo decreto.